

UNHA PROPOSTA DE LECTURA CRÍTICA PARA IDENTIFICAR NOTICIAS FALSAS SOBRE AS VACINAS

RODRÍGUEZ-LOSADA, NOELA¹; PUIG, BLANCA²; PÉREZ MACEIRA, JORGE JOSÉ³

¹ *Didáctica de las Ciencias Experimentales, Facultad de Educación, Universidad de Málaga. noela@uma.es*

² *Didáctica das Ciencias Aplicadas, Facultade de Educación, Universidade de Santiago de Compostela. blanca.puig@usc.es*

³ *IES Ramón Cabanillas. Cambados (Pontevedra)*

1. Introducción

O pensamento crítico (PC) é unha competencia clave na era da posverdade para poder identificar cando unha noticia difundida nas redes sociais é veraz e poder realizar unha lectura crítica. A era da posverdade caracterízase por unha sociedade na que se pon máis valor ás emocións e opinións que aos propios feitos ou evidencias (Sun, 2022). Este fenómeno afecta de forma ineludible no ensino de cuestións socio-científicas, como a vacinación fronte á COVID-19 que se aborda neste traballo (Rodríguez-Losada, Puig e Pérez, 2021). A información científica sobre as vacinas mesturouse con información imprecisa (*mal-information*) ou deliberadamente falsa (*dis-information*), procedente en ocasións de “*supostos científicos ou científicas do ámbito de ciencias da saúde ou experimentais*”. Neste contexto, as autoras deste traballo, traballaron no deseño de ferramentas para dotar ao alumnado de estratexias que lles permitisen discriminar de formación crítica información veraz fronte a información falsa sobre as vacinas.

2. Obxectivo

Deseñar unha tarefa de lectura crítica para guiar ao alumnado na identificación de noticias falsas sobre as vacinas. Preténdense promover habilidades relacionadas co PC como a análise de: a) a *credibilidade* da fonte da que procede a información; b) do emisor, é dicir *quen emite* a información; e c) e o grao de *incerteza que rodea á noticia*.

3. Deseño

Para poder deseñar a ferramenta, recolléronse datos e noticias publicadas polo sector antivacinas que empregaba información científica e mesturábaa con datos non contrastados, falsos ou cuestionables sobre as vacinas da COVID-19. Presentóuselles unha noticia empregando un formato xornalístico, equivalente aos publicados polos medios de comunicación, e transcribiuse a mensaxe sen alterar o seu contido orixinal. A ferramenta de lectura crítica inspírase en propostas previas (Oliveras e Sanmartí, 2009) e incorpora as destrezas de PC que suxire Facione (2015) para desenvolver PC. Inclúense preguntas relacionadas con: 1) a comprensión do texto, 2) a interpretación da información, 3) a análise de datos; 4) o posicionamento fronte á noticia; 5) a avaliación e 6) decidir e actuar. Seleccionáronse catro publicacións falsas previamente desmentidas por axencias públicas ou por páxinas como Maldita, Factual, Chequeado.com, ou a axencia Routers. Estas noticias foron divulgadas por persoas que se autodefinían como *médicos e xenetistas ou divulgadores científicos/as*. Con respecto ás lecturas tomáronse en consideración varios aspectos como:

- a) O contexto, neste caso a carreira polas vacinas e a comunicación en diferentes medios públicos dos efectos secundarios nocivos de vacinas como a Astrazeneca e Pifzer-Moderna.
- b) A complexidade das diferentes vacinas producidas, tanto en composición e mecanismos de funcionamento e resposta inmunolóxica.
- c) Lecturas que requirisen un coñecemento específico en bioloxía molecular conectado co currículo de 1º de Bacharelato.

A actividade pónse en práctica nunha aula de 1º de 28 estudantes de Bacharelato de Galicia no curso 2020-2021. Pedíuse ao alumnado que analizasen de forma individual as seguintes dimensións: 1) a fonte; 2) a data de publicación; 3) o autor/a de a publicación; 4) o tipo de publicación; 5) a información presentada; 6) os argumentos achegados; 7) as referencias á fonte orixinal; 8) linguaxe empregada (científico/ non científico, manipulación da linguaxe); 9) a(s) perspectiva(s) (diferentes puntos de vista sobre o feito); 10) a veracidade da información (consideración de veracidade ou non).

4. Resultados e algunhas consideracións

A maioría do alumnado manifestou que entendía o contido das noticias (21 fronte a 2 e 1 estudante dubidoso). Un 18% dos estudantes aludiron a que a linguaxe utilizada trataba de inducir medo ao lector ou manipular. Respecto ao contido científico das noticias, o 92% non considerou este veraz. Con todo, un 7% dos estudantes consideraron que a noticia era veraz xustificando que o contido procedía dunha fonte con rigor na área, en concreto sinalaron que aceptaban o contido por ser dunha médica científica. Curiosamente, cando ao grupo de estudantes cuestionábaselles como se mostraban os datos, tan só o 10% dos estudantes aludía ás probas empíricas, aínda que un 35% non mostraron problemas en recoñecer que a forma de presentar a información posuía contradicións e incoherencias. De feito, un 67% indicaron que se proporcionaban datos incoherentes, polo que rexeitaban o seu contido, e máis da metade dos estudantes foron capaces de discriminar a falta de fiabilidade do texto sen especificar/referenciar, e un 14% especifican claramente que non hai fontes referenciadas fidedignas.

O obxectivo da educación debe de ser formar lectores críticos capaces de identificar cando unha información é fiable, crible e valorar o seu grao de credibilidade en base a unha comprensión da ciencia como práctica social (Osborne et al., 2013). Este traballo parece mostrar que a lectura de noticias falsas mediante preguntas guiadas, pode ser unha ferramenta eficaz para axudar a desenvolver PC. Debido a que non podemos esperar que o alumnado poida acceder mediante a educación científica a todo o coñecemento necesario que lle permita discriminar entre o que é veraz ou falso, propoñemos o uso de este tipo de ferramenta.

5. Referencias

- Facione, P. (2015). Critical Thinking: What It Is and Why It Counts. *Insight Assessment*, 5(1), 1–30.
- Oliveras, B., Sanmartí, N. (2009). La lectura como medio para desarrollar el pensamiento crítico. *Educación Química*, 20, pp. 233-245.
- Osborne, J., Pimentel, D., Alberts, B., Allchin, D., Barzilai, S., Bergstrom, C., Coffey, J., Donovan, B., Kivinen, K., Kozyreva, A., y Wineburg, S. (2022). *Science Education in an Age of Misinformation*. Stanford University, Stanford, CA.
- Rodriguez-Losada N., Puig B., Pérez J, (2021). Desmontando los bulos sobre las vacunas frente a la COVID-19. *Aula de secundaria*, (42), 30-37.
- Sun, K. (2022). Colloquialization as a key factor in historical changes of rational and emotional words. *Proceedings of the National Academy of Sciences*, 119(26) e2205563119.